

**ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DE SOCIOS
DO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE**

**CELEBRADA EN SANTIAGO DE COMPOSTELA O 12 DE DECEMBRO DE
2017**

Asisten:

Juan González	Concello de Nigrán
Marga Figueroa	Concello de Oleiros
Martín Vázquez	Concello da Coruña
Daniel Fernández	Concello de Cartelle
Ana María Moreiras	Concello de San Cibrao das Viñas
Argemiro Varela Filgueiras	Concello de Mugardos
Concepción Pernas Díaz	Concello de Burela
Sonsoles López Izquierdo	Deputación de Lugo
Ana María González Abelleira	Concello de Lugo
Rocío López Rey	Concello da Laracha
Inés Ramos	Concello de Arteixo
Luisa Feijóo	Concello de Ames
Pili Peón	Concello de Silleda
Joaquín Ayala Garrido	Concello de Fene
Digna Rivas Gómez	Deputación de Pontevedra
Orlando Saavedra Pino	Concello do Barco de Valdeorras
Cristina Fernández Dávila	Concello de Ponteareas
Yolanda Bouzas Alfonsín	Concello de Brión
Concepción Fernández	Concello de Santiago de Compostela
Carmen Novas	Igadi
Andrea M. García	Igadi

Escusan asistencia: Deputación da Coruña e Concellos de Alfoz, A Guarda, Monforte de Lemos, San Sadurniño, Boiro, Ferrol, Narón, Teo, Cambados e Redondela.

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación da acta anterior

Dáse por aprobada a acta da Asemblea Xeral de socios celebrada o 15 de marzo de 2017, enviada por correo electrónico a todos os socios días despois da súa realización.

2. Informe de situación

Juan González inicia a súa intervención comentando que era preciso convocar esta Asemblea Xeral de Socios para cumprir coas nosas obrigas en canto á execución do plan de actividades 2017. Son competencias da Asemblea de Socios, entre outras, pronunciarse sobre os proxectos e programas de cooperación e sensibilización presentados pola Comisión Executiva e aprobar as resolucións que pola súa importancia afecten aos intereses da asociación.

Sendo isto así, o obxectivo principal desta Asemblea é, ademais de render contas sobre os proxectos de cooperación ao desenvolvemento executados durante o ano, resolver a Convocatoria de proxectos para ONGD galegas ou con delegación en Galicia.

Alén diso, cabe destacar que o plan de actividades desta anualidade está practicamente executado ao 100%, mais no primeiro trimestre do próximo ano renderanse contas das actividades e proxectos realizados, tamén en termos económicos, como ben sendo habitual.

Destacar que neste ano no que conmemoramos o vixésimo aniversario do Fondo Galego conseguíuse:

- Catro concellos e unha deputación adheríronse ao Fondo Galego
- Obter a Presidencia da Confederación de Fondos de Cooperación e Solidariedade, tras dous anos de traballo e seguimento na asociación de Fondos a nivel estatal
- A realización dunha revisión da contabilidade entre os anos 2011-2016, obtendo un resultado positivo
- A elaboración dunha exposición sobre os Obxectivos do Desenvolvemento Sostible, na que participaron debuxantes de cómic de Galicia, Cabo Verde, Mozambique e Guinea Bissau, que está en proceso de elaboración e coa que poderemos contar no primeiro trimestre do 2018
- A posta en marcha das Vacacións con Traballo en Galicia, a través da que 8 concellos e 1 deputación acolleron a persoal técnico de Cabo Verde e Mozambique para afondar na súa formación nunha determinada área
- Participar nun proxecto liderado polo goberno portugués, xestionado polo Instituto Marquês de Vall Flor e con financiamento da UE para apoiar o proceso de paz en dous municipios colombianos (a executar no 2018)

O Presidente informa tamén de que nos atopamos no proceso de elaboración do Plan de actividades 2018, motivo polo que será convocada para o mes de xaneiro unha reunión por provincia para o persoal técnico dos concellos e deputacións socias, co obxectivo de fomentar a participación na elaboración do plan antes de ser elevado á Asemblea.

3. Proposta de ratificación de altas e baixas.

Son ratificadas as altas de:

- Deputación de Pontevedra: pleno da corporación provincial do 31 de marzo de 2017
- Concello de Miño: Pleno da corporación municipal do 18 de abril de 2017
- Concello da Pastoriza: Pleno da corporación municipal do 20 de maio de 2017
- Concello de Alfoz: Pleno da corporación municipal do 30 de maio de 2017
- Concello de Monfero: Pleno da corporación municipal do 20 de outubro de 2017

Nembargante, lamentamos as solicitudes de baixa na asociación do seguinte concello:

- Concello de Fornelos de Montes: decisión adoptada pola Xunta de goberno local do 3 de marzo de 2017

Procedemos a ratificar as altas e a baixa no rexistro da asociación.

4. Proposta de resolución da convocatoria de proxectos de cooperación ao desenvolvemento para ONGD galegas ou con sede en Galicia 2017.

Andrea García, a Secretaria do Fondo Galego, informa de que unha das accións que leva a cabo o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade é o apoio a proxectos de cooperación ao desenvolvemento liderados por ONGD galegas ou con delegación en Galicia. Neste 2017 abriuse convocatoria tras dous anos sen poder levala a cabo por cuestións económicas.

A convocatoria permaneceu aberta desde o 23 de xuño ata o 22 de xullo. As bases foron consensuadas coa Coordinadora Galega de ONGD e co Consello Municipalista de Cooperación, órgano consultivo do que están convidados a participar os axentes do sector.

A principal novidade respecto da última convocatoria de 2014 é a dotación orzamentaria, que subiu un 50% ata situarse nos 150.000 euros, de xeito que se financiarán actuacións de entre un e dous anos de duración que darán inicio o 1 de xaneiro de 2018, cun máximo de 50.000 euros por proxecto. Cada entidade puido presentar ata dúas propostas, individuais ou en agrupación. O Fondo Galego asumirá como máximo o 95% do custo total dos proxectos financiados.

Como novidade, destacar que as propostas seleccionadas para financiamento deberán comprometerse a realizar unha actividade de sensibilización a realizar en concellos socios do Fondo Galego para dar a coñecer os proxectos que se están apoiando ou as problemáticas que pretenden atinxir. Ditas actividades deberán ser acordadas entre as entidades beneficiarias e o Fondo Galego unha vez se lles comunique a resolución e o seu custe de realización será asumido polo Fondo.

Como resultado da convocatoria, dezaseis ONGD con sede ou delegación en Galicia concorreron á convocatoria de proxectos de desenvolvemento aberta polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade neste ano 2017. Estas cifras supoñen un lixeiro incremento respecto da convocatoria de 2014, na que concorreron 14 entidades e foron presentadas 15 propostas.

As organizacións non gobernamentais que enviaron as súas solicitudes son a Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (Agareso), Municipalistas por la Solidaridad y el Fortalecimiento Institucional (Musol), Fundación Madreselva, Cooperación Internacional ONG, Solidariedade Internacional de Galicia, Sólida Asociación de Cooperación ao Desenvolvemento, Fundación Mujeres, Enxeñería sen Fronteiras Galicia, Médicos del Mundo, Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP), InteRed, Implicadas no Desenvolvemento, Fundación Alaine, Arquitectura sen Fronteiras, Miradas al Mundo agrupada con Ecos do Sur e Fundación Taller de Solidaridad.

As intervencións recibidas concéntranse nun total de oito países e unha área xeográfica: Guatemala (4), Nicaragua (3), Guinea Bissau (2), El Salvador (2), Honduras (1), India (1), Benin (1), Ecuador (1), Bolivia (1) e Centroamérica (1). Os eidos de actuación nos que se encadran son principalmente abastecemento de auga e saneamento, desenvolvemento rural e educación, seguidos do dereito á comunicación, saúde, loita contra a violencia de xénero, apoio a institucións de mulleres, Dereitos Humanos, participación no desenvolvemento rural, xestión do recurso hídrico e mais xeración e subministro de enerxía.

Unha comisión técnica constituída por representantes dos Concellos de Santiago de Compostela, Rianxo, Redondela, Deputación de Lugo e persoal técnico do Igadi encargáronse de avaliar as propostas e elevar unha proposta de resolución á Comisión Executiva. O último paso para aprobar a resolución da convocatoria é a súa aprobación por parte da Asemblea xeral de Socios.

Faise achega e queda aprobada por unanimidade a proposta da resolución da convocatoria de proxectos do ano 2017, sendo tres os proxectos que recibirán financiamento:

- **Polo dereito a unha educación afectiva e sexual saudable para crianzas, adolescentes e mocidade do municipio de Chinautla**
País: Guatemala
Entidade solicitante: ONGD InteRed
Orzamento total: 52.487,78€
Orzamento solicitado: 49.861,14€

- **Mellora do acceso ao dereito humano á auga e das prácticas de hixiene adecuadas de 1.824 habitantes (932 mulleres e 892 homes) da localidade de Carantaba (Sector de Contoubel, región de Bafatá)**
País: Guinea Bissau
Entidade solicitante: ONGD Asemblea de Cooperación pola Paz
Orzamento total: 62.973,18€
Orzamento solicitado: 50.000€

- **Fortalecemento de capacidades técnicas para a xestión pública de calidade en proxectos de abastecemento de auga a comunidades rurais nos 7 municipios da mancomunidade Nasmar**
País: Honduras
Entidade solicitante: ONGD Asociación Enxeñería sen Fronteiras Galicia
Orzamento total: 41.065,19€
Orzamento solicitado: 36.742,12€

A suma das cantidades solicitadas ascende a 136.603,26€, polo que quedarían por executar un total de 13.396,74€ comprometidos na convocatoria. A Asemblea Xeral ratifica a proposta da Comisión executiva de que dito importe sexa destinado á área de proxectos de cooperación ao desenvolvemento no 2018, concretamente á partida de axudas de emerxencia.

O seguinte paso será comunicar ás ONGD que participaron na convocatoria cal foi a resolución aprobada pola Asemblea Xeral e comezar a traballar nos convenios que se asinaron entre o Fondo Galego e as tres ONGD beneficiarias, onde quedarán establecidos as obrigas e deberes de cada unha das partes, os prazos e formas de pago e os mecanismos de xustificación técnica e económica das propostas. Comentar que mensualmente deberán enviar información do avance das actividades dos respectivos proxectos.

5. Proxectos de cooperación ao desenvolvemento e axuda de emerxencia no 2017.

Andrea García fai un repaso polos proxectos apoiados a través da cooperación directa durante o 2017.

- **Promoción da saúde a través do deporte no medio rural dos distritos de Boane e Namaacha**

Localización: Mozambique

Parceiro local: Fundação Encontro

Inicio: 1/08/2017

Orzamento concedido: 20.000€

- **Abertura de pozos de auga**

Localización: Mozambique

Parceiro local: Municipio de Nhamayabue

Inicio: 1/09/2017

Orzamento concedido: 24.971,43€

Faise unha aproximación ao contexto xeral do país lusófono e dáse razón das actividades realizadas en cada un dos proxectos, amosando fotografías que ilustran a explicación. No caso do proxecto co Municipio de Nhamayábue, indicar que é o resultado da convocatoria que se abriu para que os municipios mozambicanos puideran achegar as súas propostas para o financiamento do Fondo Galego. Entre as 30 propostas recibidas o proxecto de Nhamayábue resultou seleccionado pola Comisión Executiva para o seu financiamento no 2017.

Acto seguido dáse conta do proxecto de axuda alimentaria para os campos de persoas refuxiadas en Tinduf, a través do que se fixo unha achega de 6.000€ a Solidariedade Galega co Pobo Saharauí.

A continuación, Karmele Sáez, responsable de proxectos do ACNUR Comité Español (Axencia da ONU para as persoas refuxiadas) dá conta dos resultados do proxecto de emerxencia apoiado polo Fondo Galego para a asistencia ás persoas que se viron afectadas pola vaga de frío nos campos de refuxiadas en Serbia a principios do 2017.



6. Rogos e preguntas.

Orlando Saavedra, Concelleiro do Barco de Valdeorras fai unha consulta a Karmele Sáez sobre a acollida das persoas refuxiadas e nivel municipal.

Sen máis asuntos que tratar, a xuntanza dáse por concluída ás 12:00h.

Asdo. A Secretaria
Andrea Manuela García Corzo

Visto e Prace. O Presidente
Juan Antonio González Pérez